

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CMUS OURENSE

CURSO: 6º

MATERIA: INTRODUCCIÓN AO JAZZ

DEPARTAMENTO: FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN

DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Criterios de avaliación.....p.4
2. Avaliación e cualificación.....p.5
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)p.6
4. Información e publicidade.....p.7

1. Criterios de avaliación

- Coñecer a Historia do Jazz e da Música Moderna
- Recoñecer os elementos básicos do Jazz e da Música Moderna: ritmo, harmonía, forma, textura, timbre
- Distinguir as diferentes agrupacións de Jazz e da Música Moderna
- Análizar obras do século XX de música contemporánea que empreguen elementos do jazz
- Tocar standards de Jazz.
- Interpretar temas de Música Moderna.
- Tocar improvisando nos standards de Jazz.
- Leer e tocar o cifrado americano
- Recoñecer, tanto por escrito como auditivamente as escalas modais, a escala pentatónica maior, a escala pentatónica menor e a escala de blues.
- Recoñecer auditivamente patróns de acordes sinxelos.
- Compor pequenas pezas nos estilos estudados.
- Recoñecer auditiva e instrumentalmente os elementos e os procedementos estudados.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Os aplicados no 1º e 2º trimestre: Os instrumentos de avaliación baseáronse na observación directa, o traballos realizado na aula e específicos, a través da avaliación inicial, formativa e final, segundo se especifica na programación da materia publicada a comezos de curso.</p> <p>Os aplicados para o 3º trimestre: Centraranse nunha avaliación formativa e diagnóstica, de carácter parcial e procesual. A avaliación formativa implica o seguimento dos avances nas tarefas asignadas ao alumnado neste tempo de confinamento.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Os aplicados para o 1º e 2º trimestre: son os especificados na programación de comezos do curso 2019-20, que inclúen: Entrega de traballo ou proba específica (20%); traballo de aula (70%) e asistencia activa e produtiva ás clases, tendo en conta que a avaliación deste punto estará baixo o estrito criterio do docente (10%).</p> <p>Os aplicados para o 3º trimestre: estarán relacionados especificamente coa observación do proceso de realización dos traballos individuais e colectivos asignados, o seu resultado final enviado por vía telemática e o grao de seguimento da sesións non presenciais.</p>
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Con carácter xeral, o alumnado terá a cualificación que resulte das medias entre a 1a e 2a avaliación, podendo a nota da 3a contribuír a subir a cualificación final.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Realización dunha proba práctica de análise dunha peza de Jazz.</p> <p>Interpretación de seis standards de Jazz ou pezas de Música Moderna, a convir coa profesora.</p> <p>Realización dunha proba escrita de cifrado americano e escalas.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Execución de traballos individuais para o afianzamento de coñecementos. - Cumprimentación de cuestionarios específicos en liña autocorrixibles sobre as temáticas traballadas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado recibirá por correo electrónico, google.classroom, mensaxes, etc as actividades. Unha vez realizadas nas súas casas estas actividades, reenviaranas ao profesorado para a súa corrección.</p> <p>Realización de sesións a través de aplicacións como <i>zoom</i>, <i>skype</i>, <i>webex</i>, <i>whatsapp</i>, para a resolución de dúbidas .</p> <ul style="list-style-type: none"> - Subida de materiais e apuntes a plataformas como <i>Centros.Net</i>, <i>Google Drive</i> ou <i>Dropbox</i>. - Contacto telefónico directo con alumnado con menor grao de conectividade.
Materiais e recursos	<p>Apuntes, facilitados a través de correo electrónico, <i>Centros.Net</i>, <i>Dropbox</i>, <i>Drive</i> e <i>Google Classroom</i> en formato PDF, <i>Muscore</i>, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recursos audiovisuais diversos. - Formularios e cuestionarios de <i>Google classroom</i>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Centrosnet – Correo electrónico-Teléfono ou app's de mensaxería
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.